

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 3 DE XULLO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:35 horas do día 3 de xullo de 2017, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 29 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez (asiste ao punto 1.a)
D^a. Margarita Parajó Calvo
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Jesús López Moure (asiste ao punto 8a e 9a)
D. Jesús Núñez Torrón (asiste ao punto 2a)
D. Rubén Peña Barceló (asiste ao punto 2a)
D. Miguel Fidalgo (asiste ao punto 2a)

Secretaria: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actasa) **Acta da sesión do 28 de xuño de 2017**

Apróbase a acta da sesión do 28 de xuño de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura administrativaa) **Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño, para persoas con mobilidade reducida en dous areas do concello de Vigo (expediente 142108-301)**

Procedese a apertura do sobre A "Documentación persoal do procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño, para persoas con mobilidade reducida en dous areas do concello de Vigo (expediente 142108-301). Tras a cualificación da mesma, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda admitir neste procedemento ao único licitador presentado EMSEBUR, SL.

D. Miguel Fidalgo manifesta que lle sorprende que dende o ano 2010 ata o ano 2016 este servizo cubriuse celebrando contratos menores, e este ano, no entanto, se acordou a licitación dun contrato maior para a súa cobertura. Quere facer constar que o servizo xa se está prestando mediante un contrato menor celebrado



o día 16 de xuño, dun importe de 21.799,99 €. Ao fío destas circunstancias formula as seguintes preguntas:

1ª.- ¿Por qué se a área xestora propón a tramitación do urxencia deste procedemento o prego de cláusulas administrativas particulares recolle a tramitación ordinaria?

A Secretaria da Mesa de Contratación resposta a esta pregunta, na súa calidade de técnico redactor do PCAP, que na Memoria xustificativa non estaba motivada a concorrencia das circunstancias previstas no artigo 112 do TRLCSP para aplicar a tramitación de urxencia.

2ª.- ¿É correcto este procedemento para a licitación do servizo?

A secretaria da Mesa de Contratación resposta que o procedemento seguido para a licitación deste contrato é correcto e consonte á lexislación vixente.

3ª.- Dado que o PCAP fixa como data de inicio do contrato o 1 de xullo, e unha duración de dous meses, preguntase se non se solapan os contratos.

O Xefe da área de Benestar Social resposta que ata o ano pasado o servizo de socorrismo nas praias prestábase por CRUZ ROJA. Como non estaba previsto no mesmo a asistencia ao baño para as persoas con discapacidade, celebrábase un contrato menor coa citada entidade para cubrir o servizo.

o contrato menor celebrouse para cubrir o servizo na praia de Samil en tanto non se adxudique o contrato maior. Unha vez adxudicado o presente contrato resolverase o contrato menor cuxo prezo aboase por día e está sometido a condición resolutoria de que se adxudique o contrato maior.

A data de inicio fixada no PCAP é unha estimación e non ten carácter vinculante. O contrato non ten efectos ata a súa formalización.

4.- Apertura económica

- a) **Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de seguridade e accesibilidade ao baño, para persoas con mobilidade reducida en dous areais do concello de Vigo (expediente 142108-301)**

Este procedemento retirase da orde do día por canto non foi anunciada a apertura no perfil do contratante.

- b) **Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio municipal da Casa do Concello (1.165-330)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s do/s licitador/es. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:57	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AE41-C4D629-CDD721-ERNJYG-ZYY45M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	Redución porcentual dos prezos unitarios
SOLIMUSIC EVENTS, SL	28,22 %
PRODUCCION E XESTION CULTURAL SL	20,25%
EULEN SA	21,75%

Asisten á apertura D. Pablo Soliño Gándara, con DNI , en representación de , SOLI-MUSIC EVENTS, SL.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

PRODUCCION E XESTION CULTURAL SL, non achega presuposto desglosado do servizo. A Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda solicitarlle a súa presentación no prazo dos tres días seguintes á recepción do requirimento.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333) (Sobre B)**

Entrégase o informe asinado polos arquitectos municipais o 28 de xuño de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da estrutura e pavimento do pavillón do Monte da Mina (Castrelos) (15.922-333) (Sobre B)**

Por unanimidade, a Mesa acorda aceptar o informe asinado polos arquitectos municipais o 28 de xuño de 2017 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

11.- Propostas de adxudicación

- a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL -**



cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (4.493-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (4.493-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data do 12 de maio de 2017 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

Segundo.- En data 26 de xuño de 2017, a XGL adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L.	96,00
2	ERNST & YOUNG S L	81,00

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:57	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AE41-C4D629-CDD721-ERNJYG-ZYY45M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.212,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- En data 26 de xuño de 2017 notificouse o acordo de clasificación ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L., que presenta a documentación requirida o 29 de xuño, dentro do prazo concedido ao efecto.

Cuarto.- En sesión de data 3 de xullo de 2017, a Mesa de Contratación revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 14 e 19 de xuño de 2017, respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:57	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AE41-C4D629-CDD721-ERNJYG-ZYY45M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRICEWATERHOUSECOOPERS ASESORES DE NEGOCIOS, S.L., o procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto, dos servizos de soporte técnico e formación para a posta en marcha do proxecto EDUSI - VIGO VERTICAL - cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)” (4493-440) por un prezo total de 186.852,19 euros (IVE incluído), e coas seguintes prestacións accesorias:

- *A execución da mellora do soporte técnico de verificación e consulta no prazo de 8 semanas.*
- *Incrementa o número mínimo de sesións formativas en 4 sesións.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

15.- Incidencias

- a) Procedemento aberto para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da Cidade “Vigo Educa” (18.628-332) (Escrito de Autos González)

Dáse conta do escrito de AUTOS GONZALEZ, de data 23 de xuño de 2017, propoñendo a exclusión do licitador MELYTOUR, por ter incluído o presuposto desglosado do servizo no sobre B, circunstancia que considera que es causa de exclusión.

A Mesa xa tratou este asunto na sesión de data 23 de xuño de 2017. Reprodúcese a continuación o contido do acordo adoptado ao respecto:

“Acéptase, por unanimidade, o informe asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 21 de xuño de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación e acórdase rexeitar a solicitude formulada por VIAJES MELYTOUR S.L. de renuncia e retirada da súa oferta (escrito presentado no Rexistro Xeral o 22 de xuño de 2017 - nº 170091516), por non entenderse xustificada en base aos seguintes motivos:

1. De conformidade co artigo 80.5 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, *“unha vez entregada ou remitida a*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:57	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AE41-C4D629-CDD721-ERNJYG-ZYY45M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



documentación, non pode ser retirada, agás que a retirada da proposición sexa xustificada”.

2. A Mesa admitiu a proposición presentada pola citada empresa na sesión do 7 de xuño de 2017. Na apertura da documentación técnica a Mesa xa tivo en conta que a empresa presentou o orzamento detallado no sobre B, en lugar de presentalo no sobre C, como indica o prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP-, así como que ese orzamento non incorporase documentos acreditativos dos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación das fórmulas previstas no prego. A Mesa non acordou excluír á citada empresa deste procedemento porque a incorporación do orzamento detallado no sobre B non constitúe unha causa de exclusión (cláusula 13 do PCAP), nin concorre ningún dos supostos previstos no artigo 84 do Real decreto 1098/2011 para poder rexeitar a proposición. O orzamento detallado nin sequera é obxecto de valoración, polo que tampouco se ve afectado o segredo das ofertas (esixido polo artigo 80 do regulamento).

A este respecto, cómpre sinalar que non basta co mero feito de que os licitadores aleguen erro ou inconsistencia nas súas ofertas, sempre que resulten viables e cumpran o resto dos requisitos para a súa admisión (Informe 30/2008, do 2 de decembro de 2008, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa).

3. De conformidade co artigo 161.4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición de non producirse a adxudicación dentro dos prazos sinalados (2 meses por terse en conta neste procedemento unha pluralidade de criterios). A apertura das proposicións tivo lugar nas sesións do 7 e 19 de xuño de 2017, polo que non transcorreu o prazo ao que se refire o citado artigo 161.4.
4. En calquera caso, a retirada da proposición neste momento do procedemento non tería efectos, polo que non afectaría ao resultado das valoracións”.

Compre aclarar que o presuposto desglosado do servizo está formulado en porcentaxes e non inclúe ningún dato relativo á oferta económica de MELYTOUR. En consecuencia, trátase dun error irrelevante que non é causa de exclusión conforme a lexislación vixente e o PCAP.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 20:57	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2AE41-C4D629-CDD721-ERNJYG-ZYY45M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		